

**Probas de acceso 2020/2021**

---

**Protocolo fronte ao COVID-19**



# 1. Marco legislativo

---

Este Protocolo ten como referencia o seguinte marco legislativo:

- ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 4 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas superiores de Música para o curso 2020/21.
- RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.



## 2. Medidas informativas

---

Os/as presidentes/as dos diferentes tribunais informarán da obriga do uso de máscara para todo o alumnado, mentres estean nas filas de acceso e dentro da aula, e recomendarán o uso de xel hidroalcohólico individual.

Desde o momento que comeza a realización das **probos escritas** das diferentes especialidades (proba de Análise en Interpretación, e resto de probas escritas en Pedagogía da Linguaxe Musical, Composición, Musicoloxía e Produción e Xestión), os aspirantes poderán elixir entre manter posta a máscara. Logo da finalización das mesmas, é obrigatorio volver a usar a máscara para proceder á entrega do exame.

## 3. Normas de acceso

---

Durante os días que se desenvolven as probas de acceso, **só poderán acceder ao centro** o persoal do Equipo directivo, os docentes nomeados para os Tribunais e o PAS, así como os/as acompañantes dos/as aspirantes que precisen asistencia.

Un dos vogais nomeados en cada Tribunal, seguindo instrucións do presidente/a encargarse de que as entradas e saídas do centro e das aulas dos/das aspirantes asignados a dito tribunal sexan ordenadas, cos aspirantes en fila, usando máscara e mantendo a distancia interpersoal de 1,5 metros, sempre que sexa posible.

Prégase especial atención á hora de presentación do primeiro día de cada especialidade. Os aspirantes deberán estar presentes 20 minutos antes do horario de comezo oficialmente publicado. Os/as aspirantes serán chamados de viva voz e individualmente, identificados e colocados nos seus postos por un vogal do seu tribunal dentro da aula prevista para a proba.

Cada aspirante **deberá levar consigo:**

- DNI ou outro documento identificativo (pasaporte, permiso de residencia, etc.)
- resgardo de matrícula e xustificante de pagamento
- bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra
- máscara.



Cada aspirante **poderá levar consigo**: xel hidroalcohólico (recomendable), panos de usar e tirar e bebida (auga ou refresco en botella transparente).

O/a aspirante **non pode acceder** ás aulas con teléfono móbil, reloxo dixital (smartwatch) ou calquera outro dispositivo electrónico **activados**.

O/a aspirante pode introducir na aula unha mochila ou carteira, con todas as súas pertenzas, incluída a bebida, sempre que cumpra o que se indica nestas normas.

## 4. Normas xerais de exame

---

Cando os/as aspirantes estean xa colocados nos seus postos dentro da aula, os/as presidentes/as, ou vogais responsables da proba lembrarán de forma breve as normas básicas de actuación e prevención. O reparto do material de exame (modelos de exame, folios, etc.) será función exclusiva dos vogais. A recollida dos exames farase evitando aglomeracións e mantendo sempre a distancia interpersonal de seguridade. O/a aspirante permanecerá no seu posto ata que lle entregue o exame a un vogal, quen comprobará se cumpre con todos os requisitos e colocará o mesmo xunto cos da mesma especialidade e itinerario. En ningún momento se deixarán sos os exames nos pupitres nin nas mesas.

Ao final de cada exame, os aspirantes deberán saír da aula de forma espaciada e mantendo en todo momento a distancia persoal de seguridade. É necesario advertir aos aspirantes de que fóra da aula non poderán permanecer nos corredores e que deberán abandonar as instalacións do centro ata a realización das seguintes partes da proba.

Nos lugares onde se celebre a proba haberá reloxos para o control do tempo de exame. Se non os houbese, un vogal informará periodicamente do tempo que resta para o remate da proba.

Se un membro tribunal detecta a un aspirante copiando, logo da súa identificación, poderá ser obxecto de medida disciplinaria (expulsión da aula e cualificación con 0 puntos nesa parte da proba).



## 5. Probas prácticas dos itinerarios da especialidade de Interpretación

---

Debido ás circunstancias sanitarias en que se deben desenvolver as probas específicas de acceso ás ensinanzas superiores de música da presente convocatoria, **en ningún caso se poderá contar con acompañamento musical** (nen sequera gravado) para a súa realización. Se fora necesario, e sempre seguindo o criterio técnico de cada tribunal, pode ser utilizada unha referencia externa a efectos de afinación do instrumento ou voz nos diferentes itinerarios da especialidade de Interpretación e naquelas probas instrumentais do resto de especialidades. Neste caso, **sempre será o mesmo vogal do tribunal** o que desenvolva ese rol.

Todos os/as intérpretes que non sexan de instrumentos de vento ou cantantes deberán levar máscara durante todas as probas instrumentais. Os/as cantantes e os/as intérpretes de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento da súa intervención vocal ou durante o uso do instrumento e deberán manter a distancia de seguridade recomendándose o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación.

## 6. Normas específicas de prevención

---

Os aspirantes en illamento por Covid-19, en corentena por contacto estreito ou por calquera outra enfermidade, debidamente certificada, non poderán presentarse á convocatoria ordinaria de xullo.

Se un aspirante mostra síntomas de contaxio da COVID-19 durante a proba será levado a unha sala ou aula onde poida estar acompañado por un representante de CSM de Vigo, ambos con máscara e mantendo en todo momento a distancia interpersoal de seguridade. A dependencia, elixida previamente, deberá contar con ventilación e papeleira pechada con bolsa (onde poder tirar máscaras e panos). Deberá avisarse á familia de forma inmediata e, se os síntomas semellan de gravidade, comunicarse co 112.

Se un membro dos tribunais que traballan na proba mostra síntomas de contaxio, deixará o seu posto de traballo e será levado á dependencia habilitada no centro. De xeito



inmediato chamarse ao teléfono previsto da Xunta ou centro de saúde correspondente e, se os síntomas semellan gravidade, ao 112.

O uso de máscara é responsabilidade individual de todos os que accedan ao centro onde se celebre a proba. A máscara é obrigatoria xa que non sempre será posible garantir o mantemento da distancia interpersonal de dous metros. Nas aulas haberá máscaras de substitución para quen as precise. Os presidentes/as ou vogais terán que estar atentos á súa reposición, se fose necesaria. A máscara deberá ser usada debidamente, cubrindo boca e nariz. Se alguén non a leva de xeito correcto, será advertido polos membros do tribunal. Advírtese que **as pantallas non están autorizadas**, xa que non cumpren a función das máscaras.

Recoméndase informar de forma reiterada sobre a conveniencia da desinfección frecuente das mans con xel hidroalcohólico, durante polo menos 40 segundos.

**Non se recomenda o uso xeral de luvas**, con todo, se os vogais as solicitan poranse á súa disposición para a recepción e entrega de exames.

En cada aula haberá bolígrafos de substitución para que, se un aspirante se queda sen bolígrafo por esgotamento ou deterioro, non pida outro a un compañeiro senón a un dos vogais do tribunal. Este será o encargado de entregarlle un bolígrafo desinfectado.

Os instrumentos musicais que compartan varios alumnos (percusión, piano, etc. deberán ser desinfectados tras o seu uso por cada aspirante.

Recoméndase limpar e desinfectar con maior periodicidade os chans dos espazos nos que se desenvolven as probas prácticas dos itinerarios dos instrumentos de vento.